

CERTIFICADO

EXPEDIENTE NÚM.	ÓRGANO COLEXIADO	DATA DA SESIÓN
5320/2025	A Xunta de Goberno Local	24/10/2025

EN CALIDADE DE SECRETARIO/A DE ESTE ÓRGANO, CERTIFICO:

Que na sesión celebrada na data arriba indicada adoptouse o seguinte acordo:

EXPEDIENTE 5320/2025. SUBVENCÍONS POR CONCORRENCIA COMPETITIVA. CORRECCIÓN ERRO BASE 10

Favorable Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

RESOLUCIÓN

ASUNTO: CORRECCIÓN DE ERROS DA BASE 10 DAS BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓN PARA A REALIZACION DE ACTIVIDADES E GASTOS DE FUNCIONAMENTO DAS ASOCIACIÓNS MUSICAIS E BANDAS DE GAITAS DO CONCELLO DE TUI NO EXERCICIO 2025. (EXPTE: 5320/2025).

A Xunta de Goberno Local en sesión de data 10 de outubro de 2025, aprobou a convocatoria de subvencións para a realización de actividades e gastos de funcionamento das asociacións musicais e bandas de gaitas do Concello de Tui no exercicio 2025 así como as correspondentes bases.

Que o extracto da devanditas bases foi insertado no Boletín Oficial da Provincia, a través da Plataforma da Bases de Datos Nacional de Subvencións (Ref.: BDNS862002) o día 16/10/2025, data a partir da cal comezou o prazo de 15 días naturais aos efectos de presentación de solicitudes.

Advertido erro material no epígrafe 10.3 “Criterios de Valoración das solicitudes”, punto 1. “Número de integrantes da banda ou grupo musical”, de conformidade co artigo 109.2 da 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo común das Administracións Públicas procederase a efectuar a oportuna rectificación

Á vista dos antecedentes e proposta da Concelleira de Ensino, Cultura e Xuventude, Sonsoles Vicente Solla; **a Xunta de Goberno Local ACORDA:**



Primeiro.- Corrixir e modificar a base 10 da convocatoria de subvención para a realización de actividades e gastos de funcionamento das asociacións musicais e bandas de gaitas do Concello de Tui no exercicio 2025, no seu epígrafe 10.3 “Criterios de Valoración das solicitudes”, punto 1. “Número de integrantes da banda ou grupo musical”, no seguinte senso:

Onde di

Integrantes	0-20	21-30	31-50	+ 100
Puntos	5 puntos	10	15	20

Debe dicir

Integrantes	0-20	21-30	31-50	51-100	+100
Puntos	2 puntos	5	10	15	20

Segundo.- Publicar o presente acordo seguindo o procedemento establecido no artigo 20.8 da Lei Xeral de Subvención, a través do envío do estrato da convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvención que o remitirá ao BOP. As bases se publicarán integramente na páxina Web do concello de Tui. O prazo para a presentación das solicitudes será de 15 días naturais dende a publicación do extracto de rectificación da convocatoria no BOP.

Terceiro.- Dar traslado deste acordo aos departamento municipais afectados aos efectos oportunos.

E para que así conste, expido a presente en Tui, de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde, e coas salvedades e advertencias establecidas no artigo 206 do ROF.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

